

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIA:

DO 15 AO 28 DE DECEMBRO DE 2020



O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 14 DIC. 2020
ata a día 30 DIC. 2020
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

Anuncio

**PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 27.11.2020
POLO QUE APROBA A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA AMPLIAR A VIXENTE LISTAXE DE
EMPREGO TEMPORAL DE TRABALLADOR/A SOCIAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

En sesión celebrada o día 27 de novembro de 2020, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo por unanimidade, **ACORDA:**

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal vixente de Traballador/a Social, grupo A - subgrupo A2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal interino/a polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), publicadas no BOP núm. 079, do 06.04.2020 (corrección de erros BOP núm. 161, do 15.07.2020).

3º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases específicas, referidas á categoría de traballador/a social, publicadas no BOP núm. 174, do 31.07.2020.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.

Pazo Provincial, 10 de decembro de 2020.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3184

O presente documento estará
exposto no taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 14 DIC. 2020
ata a día 30 DIC. 2020
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P = O

